

DIRIXIDA POR MARCOS ALONSO



PRODUCIDA POR ANXO FERNÁNDEZ

O LIBRO DA GELVA

O MUSICAL

MARCOS ALONSO • FERNANDA BARRIO • IRENE LORENZO
ROCÍO SALGADO • YOEL ALONSO



ÁRTICA
espazo cultural



XUNTA
DE GALICIA

PRESENTACIÓN

Ártika Teatro emprende unha nova aventura creativa coa produción de *O Libro da Selva. O musical*. Unha reinterpretación teatral e musical do clásico de Rudyard Kipling feita desde unha óptica actual e comprometida, que se materializa nun **musical familiar cheo de enerxía, música orixinal, coreografías vibrantes e unha posta en escena de gran forza visual**.

Como é habitual, Ártika Cía propón un teatro que diverte e emociona, mais que tamén deixe unha pegada profunda, convidando a reflexionar sobre temas tan

vixentes como **a diversidade cultural, a cooperación, a convivencia interxeracional e a sustentabilidade ambiental**.

Ademais, **o galego, lingua vehicular e identitaria, convértese no centro do proxecto**, reafirmando o seu papel como ferramenta cultural contemporánea e como canle emocional para establecer un vínculo profundo co público.



**O PODER DA MANADA É
O LOBO, E O PODER DO LOBO
É A MANADA**



Rudyard Kipling, escritor.
The Law of the Jungle (O Libro da Selva)



PUNTO DE PARTIDA

A obra nace coa vontade de converter a selva de Kipling nun espazo simbólico próximo, transformado en territorio urbano onde cada grupo animal se encarna en tribos culturais recoñecibles, que desenvolven un rol determinado. Un novo mapa de símbolos que conecta coas xeracións máis novas, sen perder a esencia da historia orixinal, e dándolle á narrativa unha resonancia contemporánea e universal.

Así, **a nosa selva será, en realidade, a nosa cidade**. Un lugar cheo de tensións, diversidade e contrastes, onde a protagonista, Mowgli, terá que atopar o seu propio camiño, a súa identidade e o seu lugar na comunidade.

OBXECTIVOS DA OBRA

O proxecto ten como obxectivo principal crear un espectáculo de alta calidade artística que sexa **accesible a todos os públicos**, e en especial ás familias.

A través desta proposta búscase reforzar o **prestixio da lingua galega**, consolidala como un vehículo artístico vivo e actual, e ao mesmo tempo establecer un **espazo de reflexión** arredor de valores fundamentais como a diversidade, a convivencia e a cooperación.

Ademais, a obra pretende **conectar cos novos públicos a través de códigos culturais contemporáneos** —música urbana e estética das tribos— e garantir a súa accesibilidade mediante funcións adaptadas con lingua de signos, audiodescrición e subtitulado.





A EDUCACIÓN É UN ARMA CARGADA DE FUTURO



Gabriel Celaya, poeta



SINOPSE

A historia segue os pasos de Mowgli, unha nena humana criada por unha manda de lobos, que debe enfrontarse ao desafío de **atopar o seu lugar na comunidade**. No camiño descobre a amizade incondicional de Baloo, a sabedoría protectora de Bagheera, o misterio hipnótico de Kaa e a ameaza constante de Shere Khan, o tigre que ve na súa presenza un perigo para a orde establecida. Diferentes formas de vivir e entender a vida, pero que finalmente deben unirse para defender a harmonía do seu mundo e garantir un futuro compartido.

Unha metáfora do tránsito cara á identidade, da aprendizaxe da cooperación fronte ao medo e do descubrimento de que **só na unión e no recoñecemento mutuo pode construírse unha verdadeira comunidade**.

DRAMATURXIA E NARRATIVA

A dramaturxia de *O Libro da Selva. O musical* parte da obra clásica de Rudyard Kipling, mais reformúlase para dialogar co público contemporáneo. **Unha ponte entre o relato universal e os códigos culturais do presente** cuxa historia, a de Mowgli, transfórmase nun espello que nos devolve as nosas propias preguntas como sociedade, e que fai do teatro **un espazo de encontro, aprendizaxe e transformación compartida.**

O eixo narrativo céntrase na viaxe de autodescubrimiento da nena humana Mowgli, criada por lobos na selva, e que debe atopar o seu lugar na comunidade. No seu camiño atópase con aliados e inimigos memorables —Baloo, Bagheera, Kaa, Shere Khan— que simbolizan a amizade, a razón, a tentación e o poder tiránico. Unha historia que é tamén unha metáfora da pertenza e do conflito entre tradición e cambio.

Un dos elementos máis singulares da proposta é a **transposición dos animais a tribos urbanas** recoñecibles, achegando a narrativa ao público novo sen perder a súa dimensión poética, ofrecendo códigos visuais e musicais próximos, pero cuns roles claros e cargados de simbolismo.

Toda esta narrativa conta cunha **estrutura dramática organizada en tres actos** (presentación e conflito; aprendizaxe e perigos; e resolución e esperanza), que culminan nun **clímax emocional, apoiado por cancións orixinais** que non só acompañan, senón que fan avanzar a acción e expresan o universo interior das personaxes.



**NON SE PODE SER LIBRE SÓ:
OU TODOS SOMOS LIBRES,
OU NINGUÉN O É**



Herbert Marcuse, filósofo e teórico social



PERSONAXES

A historia conta cunhas personaxes baseadas en tribus urbanas, construídas para ofrecer un **contraste entre naturalismo e teatralidade**, entre emoción e simbolismo, permitindo ao público identificarse coas súas loitas e recoñecer nelas reflexións sobre o mundo actual.



MOWGLI

A protagonista, unha nena humana, símbolo da busca de identidade e da necesidade de atopar un lugar na comunidade.



OS LOBOS

Coa súa estética punk, representan a forza da solidariedade e a resistencia colectiva.



OS MONOS

Inspirados no hip-hop, son caóticos, creativos e irreverentes.

A SERPE KAA

Con aires flamencos e unha presenza mística e envolvente, encarna a sedución perigosa das distraccións.

O TIGRE SHERE KHAN

É o antagonista, que mostra a súa autoridade tiránica e opulenta, cun luxo contemporáneo.





O OSO BALOO

Achega a tenrura, o humor e a amizade sincera cun aura bohemia.



A PANTEIRA BAGHEERA

Elegante e sofisticada, é a mentora racional e protectora.



PROPOSTA ESCÊNICA

A posta en escena está concibida como un **espazo simbólico que mestura natureza e cidade**. A selva aparece reinterpretada con estruturas metálicas, grafismos luminosos e elementos urbanos que conviven con lianas, árbores estilizadas e texturas naturais. Un **escenario versátil e modular**, adaptado para viaxar e transformarse en cada teatro, e sostible grazas ao uso de materiais reciclados e sistemas de baixo consumo.

A **iluminación actúa como un personaxe máis**, creando atmosferas propias para cada tribo. E a **música funciona como motor da historia**. Cancións orixinais, coreografías dinámicas e unha rica paisaxe sonora converten a proposta nun espectáculo total, no que **palabra, corpo e música forman parte dun mesmo discurso**.



O MEDO AO DIFERENTE É O PRIMEIRO CHANZO CARA A INTOLERANCIA




Primo Levi, escritor e
sobrevivente do Holocausto

CARACTERIZACIÓN

O vestiario e a caracterización completan o universo simbólico da obra. Cada tribo está definida por unha estética propia: os lobos visten coiro e tachuelas que reflicten a súa rebeldía; os monos adoptan roupa ampla e colorida que respira cultura urbana; Kaa envolve a súa presenza en túnicas brillantes que evocan escamas e misterio; Shere Khan exhibe traxes elegantes e opulentos que

subliñan a súa autoridade; Baloo desprende proximidade cun estilo bohemio e cálido; e Bagheera luce un minimalismo elegante en tons escuros.

A maquillaxe e o peiteado completan este universo visual, facendo que cada personaxe sexa recoñecible e impactante desde a súa primeira aparición.



O EQUIPO

O DIRECTOR

MARCOS ALONSO

Á fronte do proxecto atópase Marcos Alonso, director e dramaturgo cunha ampla experiencia no teatro musical e familiar en Galicia. Cofundador da Sala Ártika de Vigo, un dos espazos da escena contemporánea máis importantes de Galicia, onde tamén exerce como programador e profesor da escola de teatro. Ademais, é cofundador das compañías Avento Producións e Inventi Teatro.

Desde 2014 participou como actor nunha ampla variedade de producións teatrais. Así mesmo codirixiu unha decena de obras; e como técnico de iluminación e son creou as atmosferas de case unha vintena de pezas.

O ELENCO

O elenco está formado por cinco intérpretes novos e consolidados, cunha sólida formación en teatro, canto e danza, capaces de afrontar a esixencia dun musical coral e multidisciplinar.

ROCÍO SALGADO

Actriz formada na ESAD de Galicia cunha ampla experiencia en teatro musical e familiar. Participou en montaxes como *O Mago de Oz*, *Hansel e Gretel* ou *Carapuchiña vermella, o musical*, e colaborou en proxectos como *Rosalía*, *Mosca* ou *Non pasarán*. Completa o seu perfil cunha sólida preparación en danza, canto e dobraxe.

YOEL ALONSO

Actor formado na Escola de Interpretación da Sala Ártika, con preparación en canto, danza e teatro físico. Con máis dunha década de experiencia formativa e só 19 anos, destaca pola súa expresividade corporal, versatilidade e compromiso, situándose como unha promesa no teatro familiar e musical.

FERNANDA BARRIO

Actriz e creadora formada no IMTA de Bos Aires, cunha traxectoria que abarca desde musicais como *O Mago de Oz* ata microteatro e dirección de escena. Versátil e internacional, destaca pola súa capacidade para adaptarse a estilos diversos e conectar con públicos moi distintos.

MARCOS ALONSO

Actor versátil e director especializado en teatro familiar e musical, con máis dunha década de experiencia. Cofundador de proxectos escénicos para novos públicos, dirixiu espectáculos como *A illa da deslembanza*, *Pumpum! Quen hai?* e *A Librería Máxica*. A súa metodoloxía aposta pola integración de linguaxes contemporáneas, o traballo corporal e a interacción co público.

IRENE LORENZO

Actriz formada na ESAD de Galicia e cun Mestrado en Estudos Avanzados de Teatro pola UNIR. Traballou en compañías galegas en espectáculos como *Carapuchiña vermella* ou *Bulebule*, tamén foi axudante de dirección en Noso. O seu perfil combina interpretación, dramaturxia e dobraxe.

O EQUIPO

EQUIPO TÉCNICO

E o equipo técnico inclúe escenógrafos, deseñadores e realizadores con traxectoria en grandes producións e festivais, así como un equipo de produción especializado en proxectos culturais destinados a públicos diversos.

ANXO FERNÁNDEZ

Xestor cultural cunha formación sólida en produción teatral, márketing e dirección de industrias culturais e creativas. Participou en montaxes como *Non pasarán*, *A illa da deslembanza* ou *Cambio de foco*, e colaborou con Teatro Avento en espectáculos premiados como *Ummm!!*. Tamén forma parte da programación e produción da Sala Ártika.

GUSTAVO BRITO

Escenógrafo e realizador formado en Bos Aires, con experiencia en deseño e construción de escenografías, marionetas e obxectos teatrais. Traballou con Ártika Cía., o Centro Dramático Galego e en festivais como Mérida. Compaxina a creación coa docencia en talleres de escenografía e marionetas en festivais e institucións culturais de toda España.




O LIBRO DA SELVA
O MUSICAL

FICHA TÉCNICA

DIRECCIÓN

Marcos Alonso

DRAMATURXIA

Versión libre do conto *O libro da Selva*, de Rudyard Kipling, realizada por Ártika Cía.

ELENCO

Rocío Salgado, Yoel Alonso, Fernanda Barrio, Marcos Alonso e Irene Lorenzo

COREOGRAFÍA

Rocío Salgado

DESEÑO DE ILUMINACIÓN

Anxo Fernández

COMPOSICIÓN MUSICAL E ESPAZO SONORO

Anxo Fernandez

MÚSICO CONCEPTUAL

Roi Fernández

LETRAS

Anxo Fernández, Rocío Salgado e Roi Fernández

DESEÑO E CONSTRUCCIÓN ESCENOGRÁFICA

Gustavo Brito

DESEÑO DE VESTIARIO

Gustavo Brito

CONFECCIÓN

Chelo Davila

PRODUCCIÓN

Anxo Fernández

DESEÑO GRÁFICO E FOTOGRAFÍA

The Office Comunicación

CONTIDO DE COMUNICACIÓN

The Office Comunicación

VIDEOS PROMOCIONAIS

Jairo Iglesias

**O LIBRO
DA GAZA
O MUSICAL**

ÁRTICA
espazo cultural

CONTACTO / DISTRIBUCIÓN
627 165 468 - artikacia@artikavigo.com

www.artikavigo.com